

COMISIÓN INFORMATIVA DE ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL, TRANSPARENCIA E EMERXENCIAS

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **17 de setembro de 2025**

Ás 16.35 horas do día 17 de setembro de 2025, reúnese a Comisión Informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Plácido Álvarez Dobaño

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D.^a Patricia Torres Madureira

D.^a M.^a del Carmen González Quintela

D. Manuel Seoane Rodríguez

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Emilio Luis Díaz Vidal

D. Xosé Carlos Valcárcel Doval

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangana Guede

D. Bernardo Varela López

Deputados de Democracia Ourensana:

D. Antonio Fernández Martín

D. Gonzalo Pérez Jácome

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora accidental: D.^a María Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

**1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO DÍA
15 DE XULLO DE 2025.-**

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 15 de xullo de 2025.

Non se producen intervencións e, por maioría dos membros presentes, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias do día 15 de xullo de 2025, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

**2º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA A CREACIÓN DUNHA BASE DE UNIDADE
MILITAR DE EMERXENCIAS EN OURENSE (EXP. Nº 2025/20217L).-**

D.^a Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, expón o contido da seguinte moción:

Desde a súa creación en 2005, a Unidade Militar de Emerxencias (U.M.E.) interveu en Ourense en episodios de grande gravidade, especialmente nos veráns como o do ano 2017, cando outra vaga de incendios levou á declaración dunha emerxencia en Galicia.

Nese ano, a U.M.E. realizou 25 intervencións na comunidade galega, das que preto do 60% corresponderon á provincia de Ourense, chegando a despregar un destacamento temporal na base loxística de Viana do Bolo.

Lembremos que estas unidades non só actúan en caso de incendios forestais senón tamén noutros casos de emerxencias habituais en Galicia como os provocados por inundacións ou grandes nevaradas.

A persistencia de grandes lumes como os que estamos a vivir son episodios, que debido a despoboamento o abandono da gandería e das terras de cultivo, así como o cambio climático, sexan cada vez mais cotiás, contando sempre coa intencionalidade de moitos destes lumes.

A provincia de Ourense viviu momentos dramáticos, dende o punto de vista persoal e criminais dende a perspectiva medioambiental ao acabar co noso patrimonio forestal e paisaxístico.

A Deputación de Ourense, como vén sendo habitual, colaborou nos operativos de extinción con medios materiais e recursos humanos, tanto propios da institución como dependentes do Consorcio Provincial de Incendios e manifesta a súa repulsa contra a actividade

incendiaria que atenta directamente contra o noso territorio, sen dúbida moi ameazado, tanto material como persoalmente.

Ourense sufriu unha das peores series de incendios forestais da súa historia, con situacións dramáticas con múltiples focos simultáneos en distintos concellos, con máis de 100.000 hectáreas afectadas, ademais de focos activos noutras provincias, como en Dozón (entre 300-400 hectáreas), que inda sendo en Pontevedra, tamén afectaron directamente, ao ter que cortar a autoestrada e a estrada nacional.

Toda esta vaga de lumes provocou na provincia centos de evacuacións e confinamentos, como o sufrido por un grupo de rapaces na estación de montaña de Manzaneda, interrupción do tráfico ferroviario, especialmente o AVE entre Galicia e Madrid. Con este panorama, tivéronse que mobilizar efectivos de reforzo desde outras provincias, con participación activa da UME, helicópteros, brigadas e equipos terrestres.

Ademais de todo o sinalado anteriormente, estamos sufrindo unhas condicións meteorolóxicas extremas (seca prolongada, vento) que agravaron a propagación e dificultaron as tarefas de extinción.

Coidamos que creación dunha base da U.M.E. en Ourense é fundamental, dada a frecuencia e intensidade crecente dos lumes, que superan a capacidade actuar das brigadas locais.

Tamén polo grave impacto ambiental, económico e social, con grandes superficies queimadas, confinamentos, danos á rede viaria e ferroviaria e a destrución de vivendas e infraestruturas.

Por outra banda, necesitamos a mellora das estratexias de prevención e resposta, dotando a nosa provincia de mellor equipamento e capacidade de mobilización inmediata.

Desde a súa posición xeográfica, a provincia de Ourense é un punto central para toda Galicia e áreas limítrofes, facilitando unha resposta rápida e coordinada en situacións de emerxencia, como xa adiantou o Presidente da Xunta, na súa comparecencia no Parlamento, ofrecendo as instalacións coas que conta a Xunta de Galicia no concello de Toén para a súa localización.

Tamén o consideramos positivo para a nosa provincia pola xeración de emprego, a creación de infraestruturas e o reforzo institucional que supón acoller unha base da U.M.E.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón ao Pleno os seguintes

ACORDOS:

1º. *Instar ao Goberno do Estado, a través do Ministerio de Defensa, a creación dunha base da UME no concello de Toén, comprometéndose a prestar, desde o ámbito provincial, todos*

os medios técnicos, loxísticos e institucionais necesarios para a súa implantación e funcionamento eficiente.

2º. Instar ao Goberno de España á posta en marcha dun programa de axudas para paliar os danos que a vaga de lumes esta a provocar na provincia de Ourense, previa valoración polos servizos técnicos que correspondan, ofrecendo para iso a colaboración do persoal desta Deputación de Ourense.

3º. Instar ás administracións autonómica e estatal á adopción de medidas urxentes e á posta en marcha de actuacións inmediatas de recuperación da nasa paisaxe e da nasa natureza para evitar a chegada de cinzas aos cursos fluviais.

Don Bernardo Varela López, do BNG, comeza indicando que lle sorprende esta moción presentada polo PP, xa que o que quere dicir é que a Xunta non pode facer as súas función en materia de extinción de incendios forestais, que son a súa competencia exclusiva. Lembra que durante a vaga de lumes deste verán non estaban a disposición todos os medios suficientes e que o Estado só pode intervir se se decreta o Nivel II de emerxencias. En consecuencia, entende que esta moción o que desprende é a incapacidade da propia Xunta de Galicia.

Don Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, intervén para indicar que o PP parece que mudou a súa opinión sobre a UME, lembrando que esta unidade, creada polo Goberno Socialista de Zapatero, contou coa oposición do PP cando se creou. Engade que lles chama moito a atención que dos tres puntos das propostas de acordos, todos se dirixan ao Goberno do Estado e ningún ao Goberno da Xunta, que é o competente en materia de extinción.

Dona Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, na súa segunda quenda de intervención lembra que esta Deputación recentemente ven de constituír unha mesa de traballo para debater e obter conclusión en materia de incendios forestais e está segura que de aí saíran propostas concretas tanto para a Xunta de Galicia como para a propia Deputación. Engade que esta moción trata de anticiparse e de facer unha reivindicación que considera moi importante para esta provincia, xa que se considera un recurso necesario e que non confronta coas competencias doutras administracións.

Don Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, matiza que o que chega tarde non é o Goberno do Estado, senón que o que chega tarde é o Grupo do PP.

Para pechar o debate **o Presidente** sinala que para nada se lle está emendando a plana á Xunta de Galicia, xa que esta tamén apoia esta reivindicación e pon a disposición o Centro Integral de Loita contra o Lume situado en Toén, un referente internacional para a

formación, cooperación e investigación en materia de incendios forestais, e que a UME viría a mellorar os medios a disposición.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (4), do BNG (2) e de Democracia Ourensana (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º. Instar ao Goberno do Estado, a través do Ministerio de Defensa, a creación dunha base da UME no concello de Toén, comprometéndose a prestar, desde o ámbito provincial, todos os medios técnicos, loxísticos e institucionais necesarios para a súa implantación e funcionamento eficiente.

2º. Instar ao Goberno de España á posta en marcha dun programa de axudas para paliar os danos que a vaga de lumes esta a provocar na provincia de Ourense, previa valoración polos servizos técnicos que correspondan, ofrecendo para iso a colaboración do persoal desta Deputación de Ourense.

3º. Instar ás administracións autonómica e estatal á adopción de medidas urxentes e á posta en marcha de actuacións inmediatas de recuperación da nasa paisaxe e da nasa natureza para evitar a chegada de cinzas aos cursos fluviais.

3.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PLAN INTEGRAL DE COORDINACIÓN PROVINCIAL DE EMERXENCIAS FORESTAIS NA PROVINCIA DE OURENSE (EXP. Nº 2025/20384W).-

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, expón o contido da seguinte moción:

A vaga de incendios forestais que asolou Galicia durante o mes de agosto de 2025 constitúe a peor catástrofe de incendios forestais das últimas tres décadas. Segundo confirmou o presidente da Xunta no Parlamento galego, superáronse as 120.000 hectáreas queimadas, converténdose na peor vaga de lumes do século XXI, superando mesmo a do 2006. A provincia de Ourense foi o epicentro desta emerxencia sen precedentes, concentrando a maior parte da superficie galega arrasada. Os grandes incendios do Macizo Central ourensán convertéronse nos maiores da historia galega, evidenciando que aproximadamente o 9% da superficie provincial foi arrasada polas lapas. Esta cifra pulveriza todos os rexistros anteriores e require unha resposta institucional integral á altura da gravidade da situación.

Os datos oficiais revelan a magnitude da destrución pero, sobre todo, as deficiencias na xestión. O balance presentado pola Xunta subliña que o 31% da superficie queimada correspondeu a arborado e o 69% a matogueira, mentres que 144 vivendas resultaron

afectadas e 191 explotacións agrogandeiras solicitaron axudas por danos. Doutra banda, tres traballadores foron hospitalizados, un deles un rapaz de 18 anos en estado moi grave con queimaduras no 40% do corpo. A ocultación de información evidenciou falta de transparencia na xestión autonómica, divulgando inicialmente datos de menos de 95.000 hectáreas cando os satélites Copernicus detectaban 140.000. Ademais, a convocatoria de 200 prazas de persoal de extinción en plena vaga de lumes demostra unha planificación deficiente e a existencia de carencias estruturais en canto a medios que comprometen a eficacia do dispositivo de emerxencias.

A concentración histórica de incendios na provincia de Ourense pon de relevo a existencia de factores estruturais específicos que requiren solucións adaptadas. A provincia concentra o 55% dos incendios galegos, unha distribución territorial que non responde a casualidades climáticas senón a problemas de xestión do territorio. Aproximadamente o total da superficie arrasada polas lapas de agosto na provincia pulveriza todos os rexistros anteriores e require unha resposta institucional integral. O desleixo do rural é a principal actividade en moitas comarcas ourensás, onde o territorio apenas mantén actividade económica real. A provincia suma menos do 5% das talas de madeira de Galicia, ten menos do 1% das granxas de leite e menos do 9% das ganderías de carne, transformando o territorio nunha "bomba de biomasa" formada por miles de hectáreas de matogueira sen cortafogos naturais que proporcionen agricultura, gandería ou xestión forestal activa.

A constitución da mesa de traballo sobre lumes forestais na Deputación abre unha fiestra de oportunidade para desenvolver un enfoque integral e coordinado. A mesa debe servir como punto de partida para un cambio radical na xestión de emerxencias forestais. As recentes medidas anunciadas pola Xunta, como asumir a limpeza das franxas de protección en concellos de menos de 10.000 habitantes ou obrigar ás comunidades de montes a reinvestir un porcentaxe maior en prevención, son pasos correctos pero absolutamente insuficientes ante a magnitude da crise actual. É imprescindible que a Deputación asuma un rol de coordinación territorial para desenvolver un modelo integral que aproveite experiencias de éxito tanto a nivel internacional como galego, superando os enfoques reactivos e fragmentados que dramaticamente veñen de salientar a súa ineficacia durante a catástrofe de agosto.

*Por todo o exposto o Grupo Provincial Socialista presenta as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDO:***

PRIMEIRA.- Aproveitando os traballos da mesa constituída o 10 de setembro do 2025, que a Deputación de Ourense lidere a elaboración dun Plan Integral Provincial de Coordinación

de Emerxencias Forestais no prazo de seis meses que recoñeza as singularidades territoriais da provincia e estableza un marco de coordinación efectiva entre Deputación, Xunta, concellos e mancomunidades, superando os enfoques reactivos aplicados até o momento.

SEGUNDA.- Que a Deputación de Ourense inste á Xunta de Galicia a recoñecer oficialmente a Ourense como provincia prioritaria en materia de prevención de incendios forestais, establecendo un estatuto especial que permita adoptar medidas específicas e implique un incremento do financiamento proporcional á maior incidencia dos lumes, creando un fondo provincial de emerxencias forestais dotado de recursos suficientes.

TERCEIRA.- Que a Deputación desenvolva un programa integral de recuperación das zonas afectadas en agosto de 2025 que, coordinado coa Xunta e os concellos, contemple medidas urxentes nos primeiros seis meses, rehabilitación a medio prazo e restauración ecolóxica a longo prazo baseándose nas mellores prácticas científicas e experiencias documentadas, e outorgando prioridade a especies autóctonas mellor adaptadas ao cambio climático.

CUARTA.- Que a Deputación amplíe o modelo de brigadas especializadas a todas as mancomunidades da provincia, estendendo o seu período de actividade ao longo de todo o ano, e poña en marcha unha unidade de formación provincial en colaboración co Centro de Toén, garantindo cobertura territorial completa e a especialización e adecuación continua do persoal.

QUINTA.- Que a Deputación constitúa unha Comisión Provincial de Seguimento Permanente, integrada por representantes institucionais, expertos técnicos, representantes veciñais e axentes sociais, con funcións de supervisión mediante reunións trimestrais, avaliación de resultados, coordinación interadministrativa e elaboración de informes anuais públicos.

SEXTA.- Solicitar a comparecencia do presidente da Deputación no prazo dun mes para informar sobre o estado de cousas da mesa de traballo, calendario de implementación das medidas adoptadas e xestións realizadas para coordinación con outras administracións, establecendo un sistema de informes trimestrais escritos ao Pleno sobre o estado de execución das medidas acordadas.

Don Bernardo Varela López, do BNG, sinala que as proposta de acordo desta moción lles xeran moitas dúbidas xa que dalgún xeito lle estamos dicindo á Xunta que imos facer moitas cousas, pero en materias que son competencias autonómicas. Sinala que todo o orzamento que puxese a Deputación nesta materia iría sempre en prexuízo dos concellos da nosa provincia.

Dona Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, sinala que o Grupo Socialista trae nesta moción moitos asuntos que deben ser tratados na mesa de traballo creada por esta Deputación, na cal van intervir moitos actores e da que se poden extraer conclusións moi relevantes, polo que considera que esta moción se trae nun momento que non procede e seguramente co único obxectivo de obter rédito político.

Don Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, comeza indicando que esta moción é plenamente compatible coa mesa constituída. Insiste en que a Deputación e os concellos teñen que velar polos seus propios intereses visto que a Xunta de Galicia non achegou os medios necesarios, como quedou claro na vaga de lumes deste verán.

Don Bernardo Varela López, do BNG, explica que a partida orzamentaria da Xunta de Galicia só para extinción de incendios é de douscentos millóns de euros e que o orzamento xeral da Deputación e, aproximadamente, da metade. Insiste en que este verán quedou claro que é preciso un cambio de modelo, pero as competencias e por tanto os esforzos son da Xunta de Galicia.

Dona Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, apunta que por suposto que todos temos que mellorar certas cousas nesta materia, pero que estamos diante dunha materia que precisa de responsabilidade colectiva, indicando que as fincas teñen propietarios. Engade que as axudas da Xunta de Galicia xa están chegando ás persoas afectadas.

A **Presidencia** para pechar o debate matiza que estamos diante dunha cuestión de competencias e de orzamento, e que non se lle deben atribuír a esta Deputación competencias que non son súas. Engade que o Estado nin está nin se lle espera, e que a competencia para declarar o Nivel II de emerxencias lle correspondía a el, e non o fixo cando había vaga de lumes nesta CCAA.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (4) e a abstención do Grupo Popular (6), do BNG (2) e de Democracia Ourense (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aproveitando os traballos da mesa constituída o 10 de setembro do 2025, que a Deputación de Ourense lidere a elaboración dun Plan Integral Provincial de Coordinación de Emerxencias Forestais no prazo de seis meses que recoñeza as singularidades territoriais da provincia e estableza un marco de coordinación efectiva entre Deputación, Xunta, concellos e mancomunidades, superando os enfoques reactivos aplicados até o momento.

SEGUNDO.- Que a Deputación de Ourense inste á Xunta de Galicia a recoñecer oficialmente a Ourense como provincia prioritaria en materia de prevención de incendios forestais, establecendo un estatuto especial que permita adoptar medidas específicas e implique un incremento do financiamento proporcional á maior incidencia dos lumes, creando un fondo provincial de emerxencias forestais dotado de recursos suficientes.

TERCEIRO.- Que a Deputación desenvolva un programa integral de recuperación das zonas afectadas en agosto de 2025 que, coordinado coa Xunta e os concellos, contemple medidas urxentes nos primeiros seis meses, rehabilitación a medio prazo e restauración ecolóxica a longo prazo baseándose nas mellores prácticas científicas e experiencias documentadas, e outorgando prioridade a especies autóctonas mellor adaptadas ao cambio climático.

CUARTO.- Que a Deputación amplíe o modelo de brigadas especializadas a todas as mancomunidades da provincia, estendendo o seu período de actividade ao longo de todo o ano, e poña en marcha unha unidade de formación provincial en colaboración co Centro de Toén, garantindo cobertura territorial completa e a especialización e adecuación continua do persoal.

QUINTO.- Que a Deputación constitúa unha Comisión Provincial de Seguimento Permanente, integrada por representantes institucionais, expertos técnicos, representantes veciñais e axentes sociais, con funcións de supervisión mediante reunións trimestrais, avaliación de resultados, coordinación interadministrativa e elaboración de informes anuais públicos.

SEXTO.- Solicitar a comparecencia do presidente da Deputación no prazo dun mes para informar sobre o estado de cousas da mesa de traballo, calendario de implementación das medidas adoptadas e xestións realizadas para coordinación con outras administracións, establecendo un sistema de informes trimestrais escritos ao Pleno sobre o estado de execución das medidas acordadas.

5º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Consonte co establecido no artigo 91.4 do ROF, en relación co artigo 97.3 da mesma norma, a Presidencia presenta o asunto relativo á designación dun novo representante da Deputación no Pleno do Consorcio provincial de Ourense para o servizo contra incendios e de salvamento.

Sometida a súa inclusión pola vía de urxencia, resulta aprobada por unanimidade:

5ªA.- DESIGNACIÓN DE NOVO REPRESENTANTE NO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE OURENSE.-

Dona Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, expón o contido da proposta da Presidencia sobre este asunto.

Non se producen intervencións e sométese a votación a proposta da Presidencia e, co voto favorable dos membros presentes, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

- Designar como 2º representante titular da Deputación Provincial no Pleno do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento de Ourense a don Emilio Luis Díaz Vidal, deputado provincial do Grupo Socialista.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

Don Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, sinala que a Deputación está a licitar un contrato para a subministración de 350 licencias de Microsoft Office 365, polo que formula o rogo de que se preste aos concellos o asesoramento que precisen nesta materia, porque é posible que os concellos tamén teñan esta necesidade.

A Presidencia toma nota do rogo.

Don Bernardo Varela López, do BNG, pide que se axilice a vindeira reunión da mesa de traballo creada nesta Deputación para tratar a problemática dos incendios forestais.

A Presidencia toma nota do rogo formulado.

E, ás 17.14 horas dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.